



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Normalización e Planificación da Lingua Galega		Código	613G02031
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	García Negro, María Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Profesorado	García Negro, María Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da planificación do corpus e do status da lingua galega			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A24	Dominar os modelos e técnicas da planificación lingüística.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer, analizar e interpretar a situación sociolingüística da lingua galega.	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A23 A24	B5 B7 B8 B9	C1 C2 C6
Describir e analizar a relación entre lingua e sociedade e tamén interpretar a complexidade dos fenómenos sociolingüísticos.	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27	B1 B3 B4 B8 B9 B10	C1 C4 C8
Coñecer e programar obxectivos e medidas de planificación lingüística	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de planificación lingüística	1.1. A planificación lingüística como proceso 1.2. A planificación da lingua galega como derivada e, asemade, axente de normalización
2. A etapa contemporánea. A política lingüística realizada dentro e fóra das institucións	2.1. Características xerais da política lingüística sobre o galego 2.2. Actuacións da Xunta de Galicia 2.3. O desenvolvemento dunha planificación lingüística desde as institucións públicas 2.4. O papel das organizacións non gobernamentais
3. Planificación do corpus da lingua galega. O proceso de estandarización do galego	3.1. Antecedentes. O Rexurdimento e os comezos do século XX 3.2. As propostas normativas do galego moderno 3.3. O acordo normativo de 2003

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C8	12	36	48
Presentación oral	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8	1.5	6	7.5
Análise de fontes documentais	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C2	3	18	21
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C2 C4 C6 C7 C8	2	12	14
Lecturas	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2	3	18	21
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Desenvolvemento e análise crítica dos apartados do temario
Presentación oral	Liñas básicas da exposición pública e de fórmulas para o debate e o consenso no ámbito da planificación lingüística
Análise de fontes documentais	Procura e estudo de textos e recursos planificadores na actualidade
Traballos tutelados	Seguimento dun aspecto relacionado co temario para afondar criticamente nun elemento conflitivo
Lecturas	Coñecemento e reflexión arredor dos textos fundamentais da planificación sociolingüística sobre o galego

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Sesión maxistral Lecturas Presentación oral Traballos tutelados	<p>Precisaremos utilizar recursos expositivos baseados na procura de consensos que fuxan do recurso fácil ao xogo de maiorías e minorías nunha posta en escena que tentará convencer sobre a necesidade de aplicar unha medida ou unha serie de medidas de planificación nun sector ou grupo determinado.</p> <p>A recensión bibliográfica estará orientada ao coñecemento e á análise crítica das ideas máis polémicas que se poidan tirar da súa lectura.</p> <p>Os traballos tutelados implicarán un seguimento personalizado desde a propia elección do tema, á súa posíbel orientación e finalmente haberá tamén unha sesión común de valoración dos resultados.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Lecturas	A1 A2 A4 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2	As lecturas formarán parte esencial do traballo desenvolvido ao longo do curso e os seus contidos terán que ser desenvolvidos en diferentes exercicios e debates que se realizarán nas aulas.	30
Presentación oral	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8	O/a estudante terá que argumentar sobre a necesidade de aplicar unha medida ou unha serie de medidas sobre planificación lingüística nun determinado ámbito ou sector.	30
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A24 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C2 C4 C6 C7 C8	Cada estudante terá que realizar un traballo sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxo tema e cuxa orientación requirirá o visto e prace da persoa docente en sesións de seguimento. Haberá igualmente unha valoración conxunta final.	40

Observacións avaliación

Para superar a materia o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, no traballo tutelado deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

Tanto a presentación oral, como o resultado das lecturas, como o propio traballo tutelado deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto coa profesora a través do correo electrónico.

Así mesmo, a principio de curso, deberán definir coa profesora o traballo tutelado que deberán desenvolver.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Carvalho Calero, R. (1992). Umha voz na Galiza . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Freixeiro Mato, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento - García Negro, M. P. (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Pontevedra: Cumio - García Negro, M. P. (2000). Dereitos lingüísticos e control político . Santiago de Compostela: Laiovento - García Negro, M. P. (2009). Sobre o racismo lingüístico . Santiago de Compostela: Laiovento - Mosquera Carregal, X. (2010). Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos . A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña - Rodríguez Sánchez, F. (1998 [1976]). Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza . Santiago: Laiovento - Sanmartín Rei, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais - Sanmartín Rei, G. (2010). Lingua e futuro . Ames: Laiovento - Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo . Bertamiráns, Ames: Laiovento - VVAA (1980). Problemática das línguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas . Santiago de Compostela: ASPG - Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - García Negro, María Pilar (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Brión, Laiovento
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías